



DÍA DO PEÓN



DA RODA PARA A PIOLA

O HOME.- Como estades?... Como non ides estar ben rodeados desta carballeira fermosísima de Santa Minia de Brión!. Que ledicia é vela chea de xente miúda, e non miúda , pintando e facendo bailar os peóns.. Porque o pión tamén é a arte das nosas fragas, dos buxos e dos castiñeiros convertida nun pequeno corazón que non cansa de dar voltas.

Ao mellor a vós non volo dixeron pero houbo un tempo no que os peóns non estaban tan vivos como os desta carballeira de hoxe.

Se souben que había peóns non foi porque os vise ou xogase con eles senón porque un día escoiteille a unha persoa maior que levaba toda a vida andando *da roda para a piola*. E pedinlle que me explicase o refrán. *Da roda para a piola*.

VELLIÑO.- A roda é o círculo que os nenos marcan no chan para botaren nel a rodar os pións.

O RAPAZ.- Pións?

VELLIÑO.- Pións , claro. Ou buxainas, ou trompos. Xoguetes de madeira que rolan e que teñen unha punta de ferro.

O RAPAZ.-E a piola?

VELLIÑO.- A piola é máis gorda ca un fío e máis fraca ca unha corda coa que se bota o peón. Así que andar *da roda para a piola* é andar mareado, dando voltas no chan dentro da roda, e despois, na man do neno ,ou da nena, ou dos maiores, que atan o peón coa piola ben apertadiño da punta ao curuto, para volvelo bailar no chan dentro da roda, ata que farten.

Iso é coma a xente, rapaz. Alguén que ande trastallado coma min. Gobernante dun lado para outro. Traballas aquí , despois noutro lado, vas e vés, vilas, cidades grandes, pequenas, donos diferentes, uns mándanche ir, mándanche vir, bótante



DÍA DO PEÓN



do traballo, despois cóllente, bérranche, maldinte, ódiante porque non xiras dabondo e outro día quérente e afógante a gabanzas cando dás as voltas que lles convén .Esa é a miña vida, rapaz, *andar da roda para a piola*, sempre traballando, correndo dun sitio para outro, sen acougo, manexado, emigrado, maltratado, obrigado a correr, a obedecer, coma un trompo, coma unha buxaina, en todo tipo de traballos

O RAPAZ.-Agora entendo

VELLIÑO.-E sabes o que é , dar moita piola? O RAPAZ.-Non

VELLIÑO.- E dar moita corda?

O RAPAZ.- Iso si que o oín. Miña nai di que a min ela doume moita corda e que agora ando libre de máis e que fago moitas falcatruadas.

O HOME.- Ese foi o día no que descubrín que significado tiña a palabra peón e ao tempo tiven entendemento de que a vida podía ser coma unha buxaina, coma unha sevillana, como unha danzarina, veña voltas e voltas sen acougo , traballando arreo.

O meu interese polos peóns foi en aumento pero non atopaba por ningures nin o primeiro, nin na escola, nin na casa, nin nas feiras, nas festas, nas vilas, nin sequera á venda nas tendas. Tomei conciencia de que desapareceran e fun localizando pouco a pouco os seus principais inimigos. Un dos primeiros A TELE.

A TELE.- E a continuación as nosas novas deportivas. Fútbol, boleibol, beisbol, basquet, hockey, rugby, tenis... Gol.gol, gol! Canasta de Robinson!

O HOME .- E o peón ? Nada de nada. Outro dos rivais máis terribles é A XENTE SERIA



DÍA DO PEÓN



Concello
de Brión

A XENTE SERIA.- Iso de andar cos peóns como faciamos nós é unha trangallada. Xa lle dixen á directora do colexio que o meu fillo e a miña filla non ían participar xogando a esa parvada antiga e primitiva. Non é para xente fina. Por moito que digan que o peón favorece a comunicación e as relacións sociais entre os nenos ou que é un compañeiro fiel ...Parvadas! Que aprendan xogos importantes, para chegar a algo e ter un futuro. Xa lle agasallei no Nadal con videoxogos a esgalla. Así non anda na rúa a trompadas. Na habitación non se mancan. Game over, game over!

O HOME.-Pero, como o peón, a vida dá moitas voltas e axiña houbo peóns nos colexios, e mestres que organizaban concursos e que lles ensinaban á miña filla e ao meu fillo, e asociacións que recuperaban os zancos nos que andei moitos anos , e a billarda volvíase xogar e mesmo os bolos celtas e as carreiras de sacos. Daquela fixen coma o raposo, que é o animal que dá moitas voltas para conseguir o que quere, e pouco a pouco comprobei en moitas vilas, cidades e aldeas que os peóns que estaban agochados nos faiados, nos caixóns, na borralla das cociñas ou perdidos nos camiños tomaban vida e daban voltas buscando unha man que os botase . Tamén vin que os carpinteiros labraban e pintaban novos peóns coma pequenos corazóns que nos veñen das nosas nais e os nosos pais para facernos a vida mellor.E vimos todos que era un xogo moderno , que nos une a moitas culturas,en México, en China, Alemania ou Vietnan pero que segue sendo a nosa buxaina, o noso peón, o noso bailarete, o das rúas e camiños. Para iso viñemos hoxe aquí. Berremos xuntos.

Carballeira de Santa Minia, Brión, 11 de novembro de 2022.



DÍA DO PEÓN




Concello
de Brión

Polo S.Martiño , trompos ao camiño
Polo S.Antón, trompos ao caixón
Pola Santa Olalla, trompos á borralla
Polo San Amaro, trompos ao faiado
Polo San Martiño buxainziño, baila o peón no camiño
Coa miña buxaina...baila,baila,baila
E a miña piola... ola,ola,ola
Chámanme os rapaces (O rei) (A raíña) da escola...

Lucho Penabade

San Martiño 2022.



Patrimonio Lúdico Galego

Carballeira de Santa Minia, Brión, 11 de novembro de 2022.